PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 227
15 de decembro de 2017

Fascículo 2

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Aprobación sen modificacións

15504 (10/PNC-001344)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e oito deputados/as máis
Sobre a implantación polo Goberno galego, nas estradas autonómicas, de medidas deseñadas para a mellora da seguridade viaria das persoas usuarias máis vulnerables 68753

Aprobación con modificacións

20537 (10/PNC-001672)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o abastecemento de auga aos concellos que se atopen en situación de alerta ou emerxencia a consecuencia da seca e a adaptación do Plan Seca e do Plan Auga ao novo escenario marcado polo cambio climático, así como a eficiencia no uso e na xestión da auga 68753

Aprobación por unanimidade con modificacións

10400 (10/PNC-001075)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia do desenvolvemento dun plan de fomento de novas solucións habitacionais para colectivos de maiores 68754

20399 (10/PNC-001658)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos solos contaminados con lindano no concello do Porriño e os posibles riscos para a saúde das persoas 68755

Rexeitamento da iniciativa

16875 (10/PNC-001408)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria, a accesibilidade e a mobilidade peonil e ciclista na estrada PO-308 entre Pontevedra e O Grove 68755

17273 (10/PNC-001438)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Baiona en relación co Plan especial de dotación de infraestruturas "s Costeiras (PE-4) para a instalación dun campo de golf na parroquia de Baredo 68755

19326 (10/PNC-001559)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central das medidas necesarias para liberar de peaxe e facer gratuíto o tramo da autoestrada AP-9 comprendido entre Vigo e Tui co fin de solucionar a problemática existente na autovía A-55 entre O Porriño e Vigo, como consecuencia da densidade de tráfico e sinistralidade que presenta 68756

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Aprobación sen modificacións

20986 (10/PNC-001716)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis
Sobre a planificación e programación pola Xunta de Galicia das iniciativas precisas para a celebración no ano 2018 do Ano Europeo do Patrimonio Cultural 68756

Rexeitamento da iniciativa

10554 (10/PNC-001095)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas ao apoio ás salas de teatro en Galicia 68756

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Aprobación sen modificacións

15412 (10/PNC-001337)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis
Sobre a adopción polo Goberno galego de máis medidas de apoio á cultura mariñeira, en concreto, ás embarcacións tradicionais e ás carpintarías da ribeira, así como a posta en valor deste patrimonio histórico e cultural 68757

Aprobación por unanimidade sen modificacións

19720 (10/PNC-001604)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas reclamacións dos mariñeiros da asociación Long Hope para o recoñecemento do seu dereito a percibiren do Estado de Noruega as súas pensións de xubilación ou a que se lles devolvan os impostos recadados 68757

Rexeitamento da iniciativa

20622 (10/PNC-001681)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis
Sobre o estudo polo Goberno galego da creación dunha entidade autonómica que aglutine os diferentes centros e liñas de investigación do sector pesqueiro, co fin de mellorar as condicións do sector e a súa produción, dentro dos criterios de sustentabilidade e eficiencia 68758

20636 (10/PNC-001683)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis
Sobre a realización polo Goberno galego de todas as actuacións precisas para acadar a apertura, para o ano 2018, da pesqueira da cigala na zona VIIIc e de xeito subsidiario na unidade funcional 25 68758

20646 (10/PNC-001684)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas repercusións para os mariñeiros galegos da decisión adoptada respecto da aplicación do coeficiente redutor da idade de xubilación do 0,4 %, así como a convocatoria dunha sesión monográfica da Comisión parlamentaria de Pesca e Marisqueo para avaliar a situación 68758

1.4. Procedementos de información
1.4.4. Preguntas
1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

21034 (10/PRE-005355)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as razóns do Goberno galego para recortar as achegas de axudas públicas a entidades de apoio a persoas afectadas polo VIH, ou sida, e manter unha dotación orzamentaria insuficiente para o desenvolvemento do Programa de loita contra as drogodependencias, a realización dalgunha avaliación da implantación e dos resultados do Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual para o período 2015-2018 e a súa valoración ao respecto 68772

21038 (10/PRE-005356)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa exclusión do alumnado repetidor do cómputo para a determinación das ratios máximas de alumnado por aula, así como a necesidade de manter a vixencia do Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo 68774

21052 (10/PRE-005357)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería de Sanidade para solucionar as deficiencias existentes no funcionamento da Unidade Específica de Asbestose do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, o protocolo que se está a aplicar para derivar a atención primaria aos doentes afectados e a solución prevista para o tratamento das persoas con patoloxías causadas polo amianto e que residan fóra da área sanitaria de Ferrol 68776

21078 (10/PRE-005358)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as razóns das reiteradas demoras na resolución das axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo e do xabaril, a insuficiencia do prazo establecido para a súa xustificación e as previsións do Goberno galego ao respecto, así como as súas intencións en relación cos danos que ocasiona o porco bravo nos cultivos e as medidas que está a adoptar para controlar a súa poboación e diminuír o seu impacto na actividade agrogandeira 68779

21092 (10/PRE-005359)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca
Sobre a avaliación do Goberno galego respecto dos datos referidos á entrada e saída de persoas mozas de Galicia nos últimos sete anos, as políticas que está a levar a cabo para a súa permanencia no territorio galego, así como para o retorno das emigradas 68783

21112 (10/PRE-005360)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa necesidade de considerar a protección e atención ás vítimas da violencia machista nas dependencias xudiciais como unha cuestión prioritaria na xustiza e o cumprimento das condicións mínimas de intimidade e benestar para estas vítimas na sala de espera do Xulgado de Instrución número 3 de Pontevedra, así como as súas previsións respecto do acondicionamento dunha nova sala mentres non entre en servizo o novo edificio xudicial 68786

21119 (10/PRE-005361)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitarlles aos produtores de pataca as baixadas de ata un 30 % nos prezos que están a padecer en relación co ano 2016 68788

21120 (10/PRE-005362)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural para paliar a perda de produción que están a padecer os apicultores 68790

21125 (10/PRE-005363)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre as intencións da Consellería do Medio Rural referidas á información aos concellos afectados pola praga de couza guatemalteca da pataca en relación coas trampas colocadas e as capturas rexistradas, así como os datos ao respecto 68792

21135 (10/PRE-005364)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas subvencións convocadas en agosto de 2017 para paliar os danos causados polos ataques do lobo ou do xabaril nas explotacións, as razóns existentes para non aplicar as propostas realizadas polos sectores afectados, e as previsións ao respecto para o ano 2018 68794

21152 (10/PRE-005365)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre as conclusións do informe elaborado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación coa actual situación de seca en Galicia, a opinión do Goberno galego referida á necesidade de combater a seca na época de chuvias e as súas previsións con respecto á revisión da súa política en materia de auga, así como a elaboración dun novo proxecto de lei de transición hidrolóxica para Galicia e a adopción de medidas de prevención de xeito inmediato 68797

21171 (10/PRE-005366)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego do estado de conservación no que se atopa o pazo de Lourizán, en Pontevedra, a súa opinión en relación co cumprimento das obrigas adquiridas ao respecto no convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra no ano 1991 e ratificado no ano 2000, así como as súas previsións relativas á execución das obras precisas e ao investimento necesario para ese fin 68800

21175 (10/PRE-005367)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da cesión gratuíta ao Ateneo de Ourense, ao Cineclub Padre Feijóo e ás diferentes asociacións e colectivos culturais da cidade das instalacións que está a ocupar na actualidade a Biblioteca Pública de Ourense na rúa do Concello, tralo seu traslado ao Complexo Cultural de San Francisco 68803

21186 (10/PRE-005368)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o nomeamento da ex-conselleira de Sanidade para a dirección da empresa pública Galaria, encargada de xestionar a alta tecnoloxía do Sergas 68806

21195 (10/PRE-005369)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as razóns do Goberno galego para continuar anunciando a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo, así como as medidas previstas ao respecto 68810

21228 (10/PRE-005370)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a opinión da Consellería do Medio Rural en relación co documento presentado pola Comisión Europea en relación coas liñas xerais que deberá ter a PAC a partir do ano 2020 e as actuacións previstas para a súa modificación 68813

21235 (10/PRE-005371)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa modificación introducida na PAC para o ano 2018 referida á obriga das granxas de aplicar os zurros a través dunha inxección no solo, a realización dalgún informe ao respecto e a súa opinión referida á súa viabilidade en Galicia, así como a avaliación dos seus custos para o sector gandeiro e as medidas que vai adoptar para mellorar a súa xestión integral 68816

21239 (10/PRE-005372)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dalgunha actuación de estudo ou rexeneración da ría do Barqueiro, no concello de Mañón, así como das regresións dos areais e correntes da zona e, se é o caso, os prazos estimados para eses fins 68818

21259 (10/PRE-005373)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre a información do Goberno galego en relación cos prazos previstos para a licitación e execución do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo, a consignación dalgunha partida orzamen-

taria para participar no seu cofinanciamento e as medidas que vai adoptar para paliar as afeccións das obras de saneamento na actividade marisqueira da ría 68820

21267 (10/PRE-005374)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura dun prazo extraordinario para a xustificación do investimento das axudas concedidas no ano 2017, así como nas posteriores convocatorias, para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo 68822

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior
2.3.1. Normas de réxime e goberno interior

Normas de funcionamento da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que sufriu Galicia en outubro de 2017 68762

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento
2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 19 de decembro de 2017, ás 10.00 horas) 68765
Sesión plenaria (día 19 de decembro de 2017, a continuación da anteior) 68766

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 12 de decembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 15504 (10/PNC-001344)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e oito deputados/as máis
Sobre a implantación polo Goberno galego, nas estradas autonómicas, de medidas deseñadas para a mellora da seguridade viaria das persoas usuarias máis vulnerables
BOPG nº 174, do 13.09.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar medidas deseñadas para a mellora da seguridade viaria dos usuarios máis vulnerables nas estradas autonómicas, como peóns, ciclistas e motoristas, habilitando sendas, instalando sistemas de protección dos motoristas (SPM), eliminando obstáculos e promovendo accións de formación e sensibilización.»

Aprobación con modificacións

- 20537 (10/PNC-001672)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o abastecemento de auga aos concellos que se atopen en situación de alerta ou emerxencia a consecuencia da seca e a adaptación do Plan Seca e do Plan Auga ao novo escenario marcado polo cambio climático, así como a eficiencia no uso e na xestión da auga
BOPG nº 219, do 29.11.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 11 votos a favor, 0 votos en contra e 1 abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer de xeito acordado e conveniado cos concellos que se atopen en situación de alerta ou de emerxencia, en especial cos de menos de 20.000 habitantes, as medidas necesarias para garantir un correcto abastecemento de auga, de xeito que se poidan executar as obras ou actuacións de urxencia necesarias para garantir o dito abastecemento.

2. Seguir avanzando na Mesa de Augas, dentro da Estratexia de Cambio Climático, incorporando, coa maior brevidade posible, a actualización do Plan da Seca e do Plan da Auga nos que xa se está traballando.

3. Seguir avanzando nas mesas do Pacto Local da Auga, e en colaboración cos concellos, co obxectivo de facer máis eficiente o ciclo integral da auga a través de medidas como a estrutura tarifaria (diferenciando e discriminando dun xeito máis ponderado os usos doméstico e industrial —grandes consumidores— a prol do doméstico) así como a eficiencia no seu uso.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 10400 (10/PNC-001075)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia do desenvolvemento dun plan de fomento de novas solucións habitacionais para colectivos de maiores
BOPG nº 132, do 21.06.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a promover e impulsar medidas destinadas a establecer formas alternativas de vivenda para as persoas maiores (como o *cohousing* ou vivendas con equipamentos colectivos), nas que se fomente o envellecemento activo e se proporcione ás persoas maiores o pleno control sobre os espazos que habitan e o modo en que queren envellecer.

Entre estas medidas recóllese:

1. Poñer en marcha medidas de colaboración co sector privado que favorezan o acceso a solo público ou vivendas para rehabilitación a través da cesión de uso, dereito de superficie, compravenda con pagamento aprazado ou arrendamento.

2. Implantar programas de asesoramento e información para dar a coñecer estas novas fórmulas habitacionais.

3. Facilitar o acceso dos promotores deste tipo de vivendas colectivas ás axudas públicas.»

- 20399 (10/PNC-001658)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos solos contaminados con lindano no concello do Porriño e os posibles riscos para a saúde das persoas
BOPG nº 219, do 29.11.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Rematar no máis breve prazo de tempo posible o estudo exhaustivo que se está realizando sobre os solos contaminados con lindano no concello do Porriño.

2. Unha vez coñecidos os resultados do estudo e localizadas as zonas contaminadas, realizar, en colaboración co Concello, un proxecto de descontaminación das zonas afectadas. Este proxecto deberá comezar a executarse ao longo do ano 2018.

3. Continuar adoptando, en coordinación co Concello do Porriño, as medidas preventivas necesarias para evitar riscos para a saúde das persoas.

4. Colaborar coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil e co Concello do Porriño para garantir o abastecemento inmediato de auga á poboación afectada.»

Rexeitamento da iniciativa

- 16875 (10/PNC-001408)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria, a accesibilidade e a mobilidade peonil e ciclista na estrada PO-308 entre Pontevedra e O Grove
BOPG nº 182, do 27.09.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 17273 (10/PNC-001438)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Baiona en relación co Plan especial de dotación de infraestruturas "s Costeiras (PE-4) para a instalación dun campo de golf na parroquia de Baredo
BOPG nº 188, do 06.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 19326 (10/PNC-001559)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central das medidas necesarias para liberar de peaxe e facer gratuíto o tramo da autoestrada AP-9 comprendido entre Vigo e Tui co fin de solucionar a problemática existente na autovía A-55 entre O Porriño e Vigo, como consecuencia da densidade de tráfico e sinistralidade que presenta
BOPG nº 203, do 31.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 2 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2017
Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2ª

Comisión 4ª, Educación e Cultura

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 14 de decembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 20986 (10/PNC-001716)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis
Sobre a planificación e programación pola Xunta de Galicia das iniciativas precisas para a celebración no ano 2018 do Ano Europeo do Patrimonio Cultural. (Procedemento de urxencia)
BOPG nº 222, do 04.12.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a planificar e programar as iniciativas precisas para celebrar o Ano Europeo do Patrimonio Cultural en 2018, mediante accións que permitan promover o debate e sensibilizar a sociedade galega arredor da importancia e valor do patrimonio cultural galego; e transmitir os valores da diversidade e do diálogo intercultural.»

Rexeitamento da iniciativa

- 10554 (10/PNC-001095)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas ao apoio ás salas de teatro en Galicia
BOPG nº 132, do 21.06.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017
Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2ª

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 14 de decembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 15412 (10/PNC-001337)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis
Sobre a adopción polo Goberno galego de máis medidas de apoio á cultura mariñeira, en concreto, ás embarcacións tradicionais e ás carpintarías da ribeira, así como a posta en valor deste patrimonio histórico e cultural
BOPG nº 174, do 13.09.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 1 voto en contra e 4 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a continuar adoptando medidas que apoien a cultura mariñeira, concretamente as embarcacións tradicionais e as carpintarías de ribeira, como posta en valor do patrimonio cultural e histórico de Galicia, con especial fincapé na aplicación da consideración deste eido patrimonial como ben de interese cultural.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 19720 (10/PNC-001604)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas reclamacións dos mariñeiros da asociación Long Hope para o recoñecemento do seu dereito a percibiren do Estado de Noruega as súas pensións de xubilación ou a que se lles devolvan os impostos recadados
BOPG nº 211, do 15.11.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno español co fin de que se adopten as medidas oportunas que permitan a consecución dos obxectivos do colectivo de mariñeiros Long Hope, comparecendo perante o Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos polo incumprimento por parte do Estado noruegués da prohibición de discriminación por razón de nacionalidade, de tal forma que se recoñeza o dereito a percibir a pensións de xubilación ou a devolución dos impostos incorrectamente recadados aos mariñeiros, maioritariamente galegos, do colectivo Long Hope.»

Rexeitamento da iniciativa

- 20622 (10/PNC-001681)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis
Sobre o estudo polo Goberno galego da creación dunha entidade autonómica que aglutine os diferentes centros e liñas de investigación do sector pesqueiro, co fin de mellorar as condicións do sector e a súa produción, dentro dos criterios de sustentabilidade e eficiencia
BOPG nº 219, do 29.11.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 20636 (10/PNC-001683)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis
Sobre a realización polo Goberno galego de todas as actuacións precisas para acadar a apertura, para o ano 2018, da pesqueira da cigala na zona VIIIc e de xeito subsidiario na unidade funcional 25
BOPG nº 219, do 29.11.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

- 20646 (10/PNC-001684)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas repercusións para os mariñeiros galegos da decisión adoptada respecto da aplicación do coeficiente redutor da idade de xubilación do 0,4 %, así como a convocatoria dunha sesión monográfica da Comisión parlamentaria de Pesca e Marisqueo para avaliar a situación
BOPG nº 219, do 29.11.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017
Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de decembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información
1.4.4. Preguntas
1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 21034 (10/PRE-005355)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as razóns do Goberno galego para recortar as achegas de axudas públicas a entidades de apoio a persoas afectadas polo VIH, ou sida, e manter unha dotación orzamentaria insuficiente para o desenvolvemento do Programa de loita contra as drogodependencias, a realización dalgunha avaliación da implantación e dos resultados do Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual para o período 2015-2018 e a súa valoración ao respecto

- 21038 (10/PRE-005356)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa exclusión do alumnado repetidor do cómputo para a determinación das ratios máximas de alumnado por aula, así como a necesidade de manter a vixencia do Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo

- 21052 (10/PRE-005357)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería de Sanidade para solucionar as deficiencias existentes no funcionamento da Unidade Específica de Asbestose do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, o protocolo que se está a aplicar para derivar a atención primaria aos doentes afectados e a solución prevista para o tratamento das persoas con patoloxías causadas polo amianto e que residan fóra da área sanitaria de Ferrol

- 21078 (10/PRE-005358)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as razóns das reiteradas demoras na resolución das axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo e do xabaril, a insuficiencia do prazo establecido para a súa xustificación e as previsións do Goberno galego ao respecto, así como as súas intencións en relación cos danos que ocasiona o porco bravo nos cultivos e as medidas que está a adoptar para controlar a súa poboación e diminuír o seu impacto na actividade agrogandeira

- 21092 (10/PRE-005359)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto dos datos referidos á entrada e saída de persoas mozas de Galicia nos últimos sete anos, as políticas que está a levar a cabo para a súa permanencia no territorio galego, así como para o retorno das emigradas

- 21112 (10/PRE-005360)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa necesidade de considerar a protección e atención ás vítimas da violencia machista nas dependencias xudiciais como unha cuestión prioritaria na xustiza e o cumprimento das condicións mínimas de intimidade e benestar para estas vítimas na sala de espera do Xulgado de Instrución número 3 de Pontevedra, así como as súas previsións respecto do acondicionamento dunha nova sala mentres non entre en servizo o novo edificio xudicial

- 21119 (10/PRE-005361)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitarlles aos produtores de pataca as baixadas de ata un 30 % nos prezos que están a padecer en relación co ano 2016

- 21120 (10/PRE-005362)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural para paliar a perda de produción que están a padecer os apicultores

- 21125 (10/PRE-005363)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre as intencións da Consellería do Medio Rural referidas á información aos concellos afectados pola praga de couza guatemalteca da pataca en relación coas trampas colocadas e as capturas rexistradas, así como os datos ao respecto

- 21135 (10/PRE-005364)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas subvencións convocadas en agosto de 2017 para paliar os danos causados polos ataques do lobo ou do xabaril nas explotacións, as razóns existentes para non aplicar as propostas realizadas polos sectores afectados, e as previsións ao respecto para o ano 2018

- 21152 (10/PRE-005365)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre as conclusións do informe elaborado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación coa actual situación de seca en Galicia, a opinión do Goberno galego referida

á necesidade de combater a seca na época de chuvias e as súas previsións con respecto á revisión da súa política en materia de auga, así como a elaboración dun novo proxecto de lei de transición hidrolóxica para Galicia e a adopción de medidas de prevención de xeito inmediato

- 21171 (10/PRE-005366)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego do estado de conservación no que se atopa o pazo de Lourizán, en Pontevedra, a súa opinión en relación co cumprimento das obrigas adquiridas ao respecto no convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra no ano 1991 e ratificado no ano 2000, así como as súas previsións relativas á execución das obras precisas e ao investimento necesario para ese fin

- 21175 (10/PRE-005367)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da cesión gratuíta ao Ateneo de Ourense, ao Cineclub Padre Feijóo e ás diferentes asociacións e colectivos culturais da cidade das instalacións que está a ocupar na actualidade a Biblioteca Pública de Ourense na rúa do Concello, tralo seu traslado ao Complexo Cultural de San Francisco

- 21186 (10/PRE-005368)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o nomeamento da ex-conselleira de Sanidade para a dirección da empresa pública Galaria, encargada de xestionar a alta tecnoloxía do Sergas

- 21195 (10/PRE-005369)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as razóns do Goberno galego para continuar anunciando a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo, así como as medidas previstas ao respecto

- 21228 (10/PRE-005370)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a opinión da Consellería do Medio Rural en relación co documento presentado pola Comisión Europea en relación coas liñas xerais que deberá ter a PAC a partir do ano 2020 e as actuacións previstas para a súa modificación

- 21235 (10/PRE-005371)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa modificación introducida na PAC para o ano 2018 referida á obriga das granxas de aplicar os zurros a través dunha inxección no solo, a realiza-

ción dalgún informe ao respecto e a súa opinión referida á súa viabilidade en Galicia, así como a avaliación dos seus custos para o sector gandeiro e as medidas que vai adoptar para mellorar a súa xestión integral

- 21239 (10/PRE-005372)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dalgunha actuación de estudo ou rexeneración da ría do Barqueiro, no concello de Mañón, así como das regresións dos areais e correntes da zona e, se é o caso, os prazos estimados para eses fins

- 21259 (10/PRE-005373)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre a información do Goberno galego en relación cos prazos previstos para a licitación e execución do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo, a consignación dalgunha partida orzamentaria para participar no seu cofinanciamento e as medidas que vai adoptar para paliar as afeccións das obras de saneamento na actividade marisqueira da ría

- 21267 (10/PRE-005374)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura dun prazo extraordinario para a xustificación do investimento das axudas concedidas no ano 2017, así como nas posteriores convocatorias, para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2017
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.1. Normas de réxime e goberno interior

Normas de funcionamento da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que sufriu Galicia en outubro de 2017

A Comisión Especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que ven de sufrir Galicia en outubro de 2017, na súa sesión do día 13 de decembro de 2017**,** adoptou o seguinte acordo:

Aprobación das normas de funcionamento da comisión
(10/SCNP-000008)

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2017
Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2ª

Normas de funcionamento da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que sufriu Galicia en outubro de 2017 *(Aprobadas pola Comisión o 13 de decembro de 2017)*

I. Obxecto e duración

Artigo 1

A Comisión créase co obxecto de estudar e analizar as posibles reformas da política forestal, da política de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que sufriu Galicia en outubro de 2017.

Artigo 2

A Comisión créase para a concreta función de estudo prevista no artigo 1 e extinguirase ao remate do labor encomendado e, en todo caso, ao concluír a lexislatura.

II. Organización

Artigo 3

A Mesa é o órgano de goberno da Comisión e terá as seguintes atribucións:

a) Recompilar a información e documentación necesaria para realizar a tarefa encomendada.

b) Organizar as actividades que se consideren necesarias para dotar a Comisión de toda a información que sexa de interese para a elaboración do ditame.

c) Preparar os documentos que deban ser sometidos á deliberación da Comisión.

d) Proporlle á Comisión un plan de traballo, escoitadas as persoas portavoces dos grupos parlamentarios presentes na Comisión e unha vez remitidas por aquelas as correspondentes propostas de plan de traballo.

e) Executar os acordos tomados pola Comisión.

f) Aquelas que en calquera momento lle asigne a Comisión.

III. Funcionamento

Artigo 4

A Comisión será convocada pola súa Presidencia, de acordo coa Presidencia do Parlamento, por iniciativa propia, a petición de dous grupos parlamentarios ou de tres das deputadas e dos deputados da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que sufriu Galicia en outubro de 2017.

Artigo 5

1. A Comisión e a súa Mesa entenderanse validamente constituídas cando asistan a metade máis un das deputadas e dos deputados pertencentes a estes órganos.

2. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos membros presentes.

IV. Medios de acción

Artigo 6

A Comisión poderá exercer as facultades previstas no artigo 44.1 do Regulamento da Cámara. Estas facultades, atribuídas á Comisión no seu conxunto, poderán delegarse na súa Mesa, ao abeiro do disposto na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

Artigo 7

A Comisión aprobará un plan de traballo, logo do debate sobre as propostas dos diferentes portavoces, e nel figurará o calendario xeral de actividades para a Comisión, coa intención de rematar os traballos o antes posible e en todo caso antes de que remate o ano 2018.

O calendario, mediante acordo da Mesa, poderase irs acomodando ás circunstancias derivadas dun axeitado desenvolvemento dos traballos.

V. Ditame

Artigo 8

A Comisión aprobará un proxecto de ditame que conterá as conclusións ás que chegue.

Artigo 9

A Comisión designará unha ponencia, que elaborará o proxecto de ditame. O proxecto elevaráselle á Comisión para o seu debate e, se é o caso, a súa aprobación.

Artigo 10

Redactado o proxecto, a Presidencia da Comisión remitirállelo ás deputadas e aos deputados desta no prazo previsto no calendario de actividades.

Artigo 11

As deputadas e os deputados da Comisión poderán presentar emendas ao proxecto de ditame dentro dos dez días hábiles seguintes á súa remisión.

Artigo 12

O proxecto do ditame, coas emendas presentadas, será obxecto de debate no seo da Comisión, para a súa aprobación definitiva por aquela.

Artigo 13

Os grupos parlamentarios e as deputadas e os deputados da Comisión poderán formular votos particulares ao ditame cando discrepen do seu contido. Os votos particulares deberán presentarse á Mesa da Comisión dentro dos cinco días hábiles seguintes á finalización do ditame.

Artigo 14

1. O ditame, cos votos particulares que haxa, será remitido á Mesa do Parlamento, nos cinco días hábiles seguintes á súa terminación, para os efectos da súa tramitación e aprobación no Pleno, se for procedente.

2. O ditame, cos votos particulares que haxa, será publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Disposición derradeira única

En todo o non previsto nestas normas aplicarase supletoriamente o Regulamento do Parlamento de Galicia.

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento
2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 19 de decembro de 2017, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 19 de decembro de 2017, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 13 de decembro de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único. Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (19214, PL-000007)

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 19 de decembro de 2017, ao remate da sesión plenaria orzamentaria, no Pazo do Parlamento

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 13 de decembro de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Textos Lexislativos

1.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (19215, 10/PL-000008)
Publicación ditame da Comisión, BOPG nº 226, do 14.12.2017

1.2 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas (doc. núm. 16854, 10/PL-000006)
Publicación ditame da Comisión, BOPG nº 225, do 12.12.2017

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico (doc. núm. 4530, 10/PPLI-000002)
Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, BOPG nº 66, do 15.02.2017
Publicación da Proposición de lei, BOPG nº 204, do 02.11.2017

Punto 2. Mocións

2.1 21265 (10/MOC-000061)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia laboral na Administración de xustiza. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 20233, publicada no BOPG nº 215, do 22.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2017)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

2.2 21271 (10/MOC-000062)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa AP-9. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 20052, publicada no BOPG nº 211, do 15.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2017)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

2.3 21304 (10/MOC-000063)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co dereito a unha vivenda digna. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 15066, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2017)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 17087 (10/PNP-001290)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e sete deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central, así como á empresa concesionaria da AP-9, para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela
Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

3.2 19755 (10/PNP-001466)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego ao grupo Ferroatlántica-Ferroglobe do mantemento en Galicia de todos os investimentos e postos de traballo derivados da fabricación de silicio solar, así como a realización das actuacións necesarias para favorecer o desenvolvemento na comunidade autónoma da totalidade do ciclo produtivo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

3.3 20696 (10/PNP-001541)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oiro deputados/as máis
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas tendentes á dotación nos edificios públicos de baños adaptados para os pacientes ostomizados
Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

3.4 20810 (10/PNP-001552)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autorización a Audasa da suba das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e as dos anos seguintes, así como a elaboración pola Xunta de Galicia dun estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública
Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

3.5 20917 (10/PNP-001563)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear o avance da presenza da avespa velutina en Galicia e o establecemento de mecanismos de loita biolóxica contra esa especie
Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

3.6 20958 (10/PNP-001566)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a integración da conexión ferroviaria dos portos galegos de interese xeral na Rede transeuropea de transportes, redeseñando o trazado do corredor atlántico de mercadorías, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

3.7 20971 (10/PNP-001567)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa realización no ano 2018 dun trampeo masivo contra a avespa velutina, profundar na investigación e erradicar esta especie, así como afrontar os danos causados na poboación apícola e incluír os representantes do sector na comisión de seguimento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

3.8 21008 (10/PNP-001570)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha no ano 2018 dun plan de choque para o control da poboación da avespa velutina, a posta en funcionamento, de xeito efectivo, da comisión de seguimento e a apertura de liñas de investigación ao respecto, así como a apertura dunha liña de axudas específica para paliar as perdas sufridas polos apicultores
Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

Punto 4. Interpelacións

4.1 19155 (10/INT-000629)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

4.2 20422 (10/INT-000676)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das condicións laborais do persoal do sector público autonómico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 29.11.2017

4.3 20946 (10/INT-000701)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e dous deputados/as máis
Sobre a protección do medio ambiente e o lindano
Publicación da iniciativa, BOPG nº 223, do 05.12.2017

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

5.1 21410 (10/POPX-000064)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a responsabilidade do presidente da Xunta na resolución dos problemas de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

5.2 21413 (10/POPX-000065)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre os obxectivos que debe ter a Comunidade Autónoma de Galicia na revisión do sistema de financiamento autonómico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

5.3 21424 (10/POPX-000066)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre xestión que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 20190 (10/POP-002401)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis
Sobre a realización na actualidade pola Xunta de Galicia dalgunha análise dos niveis de hidrocarburos aromáticos policíclicos e elementos traza nas augas e sedimentos dos encoros nas zonas afectadas pola recente vaga de lumes forestais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

6.2 20307 (10/POP-002413)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para recuperar as dúas pías medievais pertencentes á igrexa de San Xián de Moraime, no concello de Muxía
Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

6.3 16918 (10/POP-002128)
Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do recoñecemento das competencias profesionais e a formación necesaria para a adquisición do título de técnico ou técnica superior en Electromedicina Clínica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

6.4 19596 (10/POP-002337)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e nove deputados/as máis
Sobre as melloras producidas no Hospital Comarcal da Mariña dende a entrada en funcionamento do sistema de Estruturas de Xestión Integrada, EOXI
Publicación da iniciativa, BOPG nº 207, do 08.11.2017

6.5 20721 (10/POP-002461)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis
Sobre a situación da infraestrutura e a dotación de persoal de enfermaría no Hospital Comarcal de Monforte
Publicación da iniciativa, BOPG nº 223, do 05.12.2017

6.6 21406 (10/PUP-000132)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da relación existente entre os beneficios e os riscos das vacinas que se usan no Programa galego de vacinación
Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

6.7 21414 (10/PUP-000128)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as razóns do Goberno galego para continuar anunciando a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

6.8 21419 (10/PUP-000130)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis
Sobre os mecanismos de coordinación institucional e de intercambio de información existentes entre a Xunta de Galicia e o Goberno central para que o Goberno galego continuase anunciando a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

6.9 21420 (10/PUP-000131)
Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e dous deputados/as máis
Sobre as razóns do Goberno galego para continuar anunciando ao sector do mar a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2017 11:08
Nº Rexistro: 21034
Data envio: 01/12/2017 11:08:58.933

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Cada 1 de decembro, conmemórase o Día Internacional de loita contra o VIH/SIDA. Un día crucial para recordar e dar a coñecer ao mundo a epidemia global causada pola extensión da infección do VIH. Dende o primeiro diagnóstico, no ano 1981, producíronse máis de 25 millóns de mortes relacionadas co VIH/SIDA en todo o mundo, converténdose nunha das epidemias máis mortais da historia.

Se ben os avances nas políticas públicas teñen sido relevantes na loita contra o VIH/SIDA, tanto en materia de prevención como de apoio a persoas afectadas, algúns colectivos apuntan que os/as afectados/as en España poden supoñer máis de 100.000 persoas (0,2 %), o que trasladado a datos galegos supera as 5.000 persoas. De entre elas, as mesmas fontes indican que entre o 20 e o 30 % non son coñecedoras.

Durante os últimos 5 anos as políticas de recortes en prevención e diminución de apoio e axudas aos colectivos de persoas afectadas e de loita contra o VIH foron constantes tanto dende o Estado como dende a Administración autonómica. O Programa de loita contra as drogodependencias ten unha financiación insuficiente, e non entanto a Xunta de Galicia autolibérase de responsabilidade cunha aportación minguante aos concellos, que deben asumir a responsabilidade de executalo e velar polo cumprimento e seguimento de resultados.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que a Xunta de Galicia ten reducido as aportacións de axudas públicas a entidades de apoio a persoas afectadas por VIH e mantén unha dotación orzamentaria insuficiente para o Programa de loita contra as drogodependencias?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2017 11:08
Nº Rexistro: 21034
Data envio: 01/12/2017 11:08:58.933

2. Considera a Xunta de Galicia que o problema de contaxio de VIH está resolto en Galicia e non supón un problema a afrontar?

3. Ten avaliado a Xunta de Galicia o Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS) 2015-2018? Que valoración lle merece a implantación e resultados deste plan?

4. Considera a Xunta de Galicia que os colectivos e asociacións de apoio a afectados por VIH e de loita contra a enfermidade están ben atendidos e son escoitados pola Administración autonómica?

5. Garante a Xunta de Galicia o seu compromiso absoluto coa loita contra o VIH e o seu apoio aos colectivos e asociacións que traballan por este obxectivo?

Pazo do Parlamento, 1 de decembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 01/12/2017 10:25:07

Noela Blanco Rodríguez na data 01/12/2017 10:25:13

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2017 12:51
Nº Rexistro: 21038
Data envio: 01/12/2017 12:51:18.964

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

Unha educación de calidade pasa, necesariamente, por potenciar e dignificar o noso sistema educativo e o seu principal activo: a rede pública de ensino.

A política de recortes dos gobernos do Partido Popular reduciu de forma alarmante os medios humanos e materiais en todo o sistema de educación pública, poñendo en grave perigo o nivel de calidade alcanzado co esforzo de toda a sociedade galega nos últimos 30 anos.

Unha parte importante dos recortes aos que facemos referencia súfreos o profesorado, tanto nas súas retribucións (ao igual que o resto dos empregados públicos) como nas súas condicións de traballo.

A tan repetida recuperación económica á que fai referencia o Partido Popular non ten visos de se trasladar a este colectivo de traballadores que son, e niso coincidimos co Partido Popular (aínda que no caso do PP trátase de meras soflamas), o elemento fundamental da calidade do sistema educativo.

Máis horas de clase, máis alumnos por aula, máis materias afíns; esa é a realidade dos últimos anos, como consecuencia de reducir en centos o número de profesores e profesoras, nesa pretendida optimización de facer máis con menos. E, evidentemente, non estamos a referirnos a meras impresións subxectivas.

A publicación das ordes do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a do 4 de xuño de 2012 que modifica a anterior, constatan a máis crúa realidade do que estamos a dicir logo de derrogar unha normativa vixente dende o ano 1987 e que dotaba de estabilidade a planificación dos centros; a primeira delas por iniciativa do Goberno da Xunta de Galicia e a segunda, como consecuencia do establecido no Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2017 12:51
Nº Rexistro: 21038
Data envio: 01/12/2017 12:51:18.964

En efecto, ambas normativas ao incrementar o horario docente permitiron non facer máis con menos se non facer máis explotando aos mesmos que xa estaban.

Por se o anterior non fose dabondo no empeoramento das condicións de traballo dos docentes, tamén se tomou a decisión de que o alumnado repetidor non computase a efectos de ratio dos grupos, de xeito que se produce un dobre prexuízo:

- Sobre os docentes que deben atender a máis alumnos por aula e que son incapaces de poñer en práctica as medidas de atención específicas previstas para a alumnado repetidor.

- Sobre o alumnado en xeral e sobre o repetidor en particular que precisa dunhas medidas que a propia normativa recoñece como obrigatorias.

Entendemos que a situación exposta debe mudar cara aos estándares acordes con esa recuperación económica, polo que o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera razoable e coherente que o alumnado repetidor non compute para a determinación das ratios máximas de alumnado?

2ª) Considera necesario o mantemento da vixencia do Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo?

3ª) De ser afirmativa a resposta á pregunta anterior, que motivo ou motivos xustifican esa necesidade?

Pazo do Parlamento, 1 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/12/2017 12:44:02

Maria de la Concepción Burgo López na data 01/12/2017 12:44:09

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2017 13:57
Nº Rexistro: 21052
Data envio: 01/12/2017 13:57:54.746

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A asbestose é unha enfermidade do pulmón causada pola inhalación das fibras do amianto, os seus síntomas poden ser leves ou graves e non se presentan ata anos despois.

Está considerada como unha enfermidade laboral, que neste país a Administración tardou en atacar por unha falta de normativa máis esixente en materia de saúde laboral, afectando a unha parte importante da clase traballadora que estaba en contacto con este material.

En Galicia, a única unidade de tratamento especializada atópase no Complexo Hospitalario de Ferrol, aínda que se sospeita que en Vigo existen un número importante de persoas afectadas.

Actualmente, a Unidade Específica de Asbestose do CHUF, esta manifestando unha serie de deficiencias no seu funcionamento que provocan unha gran preocupación nas persoas afectadas e tratadas en dita unidade.

Os usuarios denuncian as seguintes deficiencias:

- Aumento nas listas de espera para as revisións. Actualmente, a espera para a revisión está en dous anos e catro meses, cando o que se recomenda é a revisión anual para os casos máis leves.
- Derivación de pacientes para a Atención primaria sen ningún informe de especialista e nalgúns casos sen comunicación ao propio paciente.
- As probas necesarias non se están a facer no mesmo día como ocorría anteriormente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2017 13:57
Nº Rexistro: 21052
Data envio: 01/12/2017 13:57:54.746

En definitiva, denuncian a falta de cumprimento do protocolo acordado, situación agravada por un aumento de pacientes e polo tanto unha necesidade de aumento de persoal como así foi manifestado pola Xefa da Sección de Neumoloxia do Hospital.

Ademais, existen pacientes con patoloxías producidas polo amianto que non residen na Área Sanitaria de Ferrol e que non poden ser atendidos por neumólogos da unidade específica, o que ten como resultado que os informes médicos non sexan os mesmos e polo tanto vese reducida a posibilidade de ser recoñecidos de forma obxectiva por unha unidade específica.

Estas denuncias, foron comunicadas á Consellería de Sanidade por parte das diferentes Organización Sindicais e a Asociación Galega de Vítimas do Amianto.

Con todo, a situación segue a ser a mesma e as deficiencias denunciadas non foron solucionadas.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

- Que medidas vai a levar a cabo a Consellería de Sanidade para solucionar as deficiencias denunciadas?

- Cal é o protocolo que está a empregar a Consellería de Sanidade para derivar á Atención Primaria a persoas afectadas por esta enfermidade?

- Que solución va a dar para o tratamento dás persoas con patoloxías producidas polo amianto que non residen na Área sanitaria de Ferrol?

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2017 13:57
Nº Rexistro: 21052
Data envio: 01/12/2017 13:57:54.746

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 01/12/2017 13:54:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 11:20
Nº Rexistro: 21078
Data envio: 04/12/2017 11:20:22.771

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O 30 de novembro, empezáronse a recibir as resolucións de axuda para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques de lobo e xabaril. Todas elas teñen un prazo de xustificación que remata o 11 de decembro.

A resolución deixa, no mellor dos casos 10 días naturais para facer os trámites necesarios. Na práctica, con dous fins de semana e dous festivos polo medio, os gandeiros/as dispoñen de 6 días para poder mercar, pagar, identificar, certificar os investimentos e xustificar a axuda.

Esta situación non é unha novidade para a Consellería de Medio Ambiente xa que o ano pasado aconteceu exactamente o mesmo.

Por segundo ano consecutivo convocáronse as axudas e, igual que o ano pasado, volveron publicarse no mes de agosto. Houbo máis de 1.200 solicitudes o que demostra a gran demanda de métodos de prevención do sector gandeiro.

A tramitación dos expedientes foi levada unicamente polos servizos centrais de Santiago (as delegacións territoriais non puideron tramitalos), e tivo moita demora pola

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 11:20
Nº Rexistro: 21078
Data envio: 04/12/2017 11:20:22.771

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

complexidade da tramitación, o que nos obrigaría a convoca-la liña de axudas con máis antelación

Esta mala planificación, así como no retraso no pago das indemnizacións por danos, está a causar unha gran desafección entre os/as gandeiros/as e cronifica un problema, o da convivencia coa fauna salvaxe, no que os primeiros damnificados son os habitantes do rural, así como a propia fauna.

É de destacar tamén que este ano non foron convocadas axudas directas por danos ocasionados polo porco bravo, que son considerables. O desespero da xente do campo é grande vendo a impasibilidade e insensibilidade da Consellería diante desta problemática que vén sumarse a outras. Hai xa quen chega a preguntarse se todo isto non estará dentro dunha táctica perniciosa para obrigar á xente a abandonar totalmente a actividade agrogandeira.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Cales son as razóns polas que, de forma reiterada e desatendendo as peticións feitas desde o sector prexudicado, se resolven tan tarde as axudas dando un prazo a todas luces insuficiente para o cumprimento e xustificación das mesmas?

-Pensa o Goberno galego continuar con esta mala práctica de dilatación esaxerada do tempo na resolución das axudas e dando un prazo insuficiente para o cumprimento e xustificación das mesmas en convocatorias futuras?

-Vai continuar coa política de ignora-los danos que nos cultivos provoca o porco bravo non sacando axudas que palíen as perdas ocasionadas polo mesmo?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 11:20
Nº Rexistro: 21078
Data envio: 04/12/2017 11:20:22.771

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas está tomando o goberno galego para evita-la proliferación da poboación do porco bravo e diminuír a presión que fai na agrogandeiría deste país?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/12/2017 11:19:24

María Montserrat Prado Cores na data 04/12/2017 11:19:33

Ana Pontón Mondelo na data 04/12/2017 11:19:35

Olalla Rodil Fernández na data 04/12/2017 11:19:37

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 11:20
Nº Rexistro: 21078
Data envio: 04/12/2017 11:20:22.771

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 04/12/2017 11:19:38

Xosé Luis Bará Torres na data 04/12/2017 11:19:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21092
Data envio: 04/12/2017 14:06:19.259

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e **Luca Chao Pérez,** deputadas pertencentes so **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita.**

Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), o balance de mozos e mozas que entra e sae de Galicia é desfavorable dende fai sete anos. Marchan máis dos que veñen, o que, xunto coa escasa natalidade, contribúe a agravar o envellecemento masivo da poboación.

A maior perda sufrímola no ano 2014: 1.261 mozos e mozas fixeron as maletas e liscaron da nosa terra para buscar o seu sustento noutro lugar. A cifra descendeu ata os 1.041 no 2015 e subiu ata os 1.199 no 2016.

É significativo que dos 1.199 que emigraron o pasado ano, 655, máis da metade, tiveran entre 25 e 29 anos. A maioría era, polo tanto, xente que se formara na nosa terra e que estaba en disposición de poñer as súas capacidades e o seu esforzo ao servizo da nosa comunidade. Non obstante, o Goberno foi incapaz de ofrecerlles alternativas viables para que se puideran asentar en Galicia.

E non parece que as cousas vaian a cambiar no curto prazo; polo menos, non co Partido Popular ao fronte da Xunta. A xente nova foi a máis prexudicada cando se destruía emprego e tamén agora que se está a crear de xeito tímido e precario. Algúns datos acerca disto:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21092
Data envio: 04/12/2017 14:06:19.259

- Desde o segundo trimestre de 2012 hai 47.900 persoas ocupadas menos menores de 35 anos (–16,7 %).
- O colectivo de entre 16 e 29 anos e o máis presente na xornada parcial. Supón o 28,2% do total.
- Desde o segundo trimestre de 2012 hai 22.800 menores de 30 anos menos cun contrato indefinido (–36,7 %). Pola contra, os menores de 30 anos con contrato temporal son 10.600 máis (+17,4 %) ata sumaren 71.400 no segundo trimestre de 2017

Así, é fácil comprender a sangría incesante de mozos e mozas que padece a nosa terra. A mocidade marcha porque entende que aquí non pode desenvolver ningún proxecto vital a medio e longo prazo.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Que avaliación lle merecen os datos de emigración ao Goberno da Xunta?
- Que políticas se están levando a cabo para que a mocidade permaneza no territorio? E para que volva a que está emigrada?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21092
Data envio: 04/12/2017 14:06:19.259

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 04/12/2017 14:00:45

Luca Chao Pérez na data 04/12/2017 14:00:53

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 16:40
Nº Rexistro: 21112
Data envio: 04/12/2017 16:40:05.595

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna para consolidar o Estado de Dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. Neste senso, a xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras da nosa sociedade e que, lonxe de se reducir, repunta. A loita contra a violencia machista precisa de actuacións integrais e transversais recollidas na Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero de 2004, que o Goberno galego ten discriminado orzamentariamente ano tras ano. Garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais ha de ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a lei de 2004.

Pois ben, a sala de espera do Xulgado de Instrución nº 3 de Pontevedra (que se encarga de violencia contra a muller) carece das mínimas condicións de intimidade e benestar, segundo teñen denunciado sindicatos de xustiza.

Ante estas denuncias, o Goberno galego respondeu hai uns días que a sala vai ser acondicionada para que sexa máis cómoda e acolledora, exactamente o mesmo que a comezos de 2017. Tamén se remitiu á construción do novo edificio xudicial, comprometéndose a acondicionar a sala actual en tanto non exista esta nova edificación.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 16:40
Nº Rexistro: 21112
Data envio: 04/12/2017 16:40:05.595

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coincide o Goberno galego en que a protección e atención ás vítimas de violencia machista nas dependencias xudiciais ha de ser cuestión prioritaria na xustiza?
2. Pensa o Goberno galego que a sala de espera do Xulgado de Instrución nº 3 de Pontevedra (que se encarga de violencia contra a muller) cumpre as mínimas condicións de intimidade e benestar para estas vítimas?
3. Ten previsto o Goberno galego acondicionar unha nova sala de espera en tanto non estea en servizo o novo edificio xudicial? Se a resposta fose positiva, cando?

Pazo do Parlamento, 1 de decembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/12/2017 16:39:17

María Luisa Pierres López na data 04/12/2017 16:39:24

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/12/2017 16:39:30

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/12/2017 16:39:38

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 17:11
Nº Rexistro: 21119
Data envio: 04/12/2017 17:11:25.470

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita,** sobre o baixo prezo da pataca en Galiza.

As produtoras e produtores de pataca de Galiza están a verse afectados pola baixada de prezos no tubérculo pese a que a produción foi moi boa en cantidade e calidade.

A causa parece ser a saturación do mercado debido ao exceso de produción en países como Francia ou España.

Nestes momentos, a pataca de Coristanco está a venderse entre 40 e 50 céntimos de euro (20 céntimos menos por quilo), namentres que noutros territorios do Estado español como pode ser Burgos, o prezo tan so baixou en 3 céntimos.

Os prezos na zona de A Limia, tamén son un 30% inferiores aos de fai un ano rondando a día de hoxe os 10 céntimos (moi por debaixo dos custes de produción, namentres o ano pasado estaban a vendela a 35 céntimos).

Debido á saturación do mercado, moitos produtores e produtoras están optando por deixar as patacas nos almacéns á espera de que os prezos aumenten.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 17:11
Nº Rexistro: 21119
Data envio: 04/12/2017 17:11:25.470

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Distintas organizacións están a demandar medidas para promover o consumo de pataca de Galiza e para dinamizar unha ferramenta vital como é a Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Pataca de Galicia.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

Que medidas ten pensado aplicar a Xunta de Galicia para que as produtoras e produtores de pataca non sufran as baixadas de ata un 30% que están a padecer?

Santiago de Compostela, a 4 de decembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araújo
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 04/12/2017 17:07:10

Paula Quinteiro Araújo na data 04/12/2017 17:07:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 17:29
Nº Rexistro: 21120
Data envio: 04/12/2017 17:29:33.132

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita,** sobre a perda de produción das e dos apicultores galegos.

A vaga de seca que está a afectar ao agro galego non se mostra indiferente co sector apícola, xa que as abellas están a sufrir as causas dos fenómenos meteorolóxicos adversos con seca e xeadas, acompañadas dunha floración tardía.

A maiores disto, tamén se viron afectadas polos lumes, o que afectou, non só as ducias de colmeas ardidas, se non que tamén está a afectar a ducias de colmeas que, aínda que non arderon, viron como ao seu arredor non quedou practicamente terreo onde alimentarse.

As apicultoras e apicultores están a notar unha caída da produción de media no país que ronda o 50%, segundo distintas asociacións, aínda que hai que diferenciar entre zonas, xa que podemos atoparnos con temperaturas de máis de 10º de diferencia entre vilas de o norte da provincia de A Coruña e de Ourense, así como ocorre cas humidades.

Na provincia de Ourense, en moitas zonas recolléronse apenas o 20 ou o 30% dunha colleita normal. No total da provincia recolléronse preto de 60.000kg, cando as 50.000 colmeas existentes deberían de producir cerca dun millón de Kg.

A esta baixada de produción temos que engadir que as abellas non deron conseguido xuntar o mel suficiente para pasalo inverno, polo que as e os apicultores teñen que alimentalas para que non morran.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 17:29
Nº Rexistro: 21120
Data envio: 04/12/2017 17:29:33.132

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

En resumo, a un ano con moi mala colleita e a un aumento do tártaro de patas amarelas (Velutina), a maiores temos que sumarlle o gasto das e dos apicultores que van a ter que alimentar as colmeas todo o inverno.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Que medidas ten pensado levar a cabo a Consellería de Medio Rural para paliar a perda de produción dos e das apicultoras galegas?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 04/12/2017 17:27:38

Paula Quinteiro Araújo na data 04/12/2017 17:27:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 17:55
Nº Rexistro: 21125
Data envio: 04/12/2017 17:55:11.799

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O día 26 de outubro de 2017 o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, rexistrou dúas iniciativas, unha co número 19430 para a súa resposta oral na comisión 7ª e outra co número 19432 para a súa resposta escrita, sobre *"Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da información aos concellos afectados pola couza guatemalteca da pataca en relación co número de trampas colocadas e de capturas rexistradas na loita contra a praga, así como os datos ao respecto"*.

O día 24 de novembro de 2017 celebrouse a sesión da comisión 7ª na cal a directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias acudiu á comisión para dar resposta a varias iniciativas entre elas a número 19432, que constaba de 3 preguntas.

Dada a parcialidade dos datos aportados na comparecencia da directora xeral na Comisión 7ª do día 27 de abril de 2017, os datos requiridos a través da iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista, seguen ao día de hoxe sen resposta, por todo isto amosamos a nosa protesta e requirimos que nos respondan a todos os datos solicitados:

1ª) Vai informar a Consellería do Medio Rural aos concellos afectados pola couza guatemalteca do número de trampas colocadas e das capturas rexistradas nas zonas afectadas e nas de tampón, en caso afirmativo, en que prazo?

2ª) Cantas trampas se colocaron, especificadas por concellos e provincias?

3ª) Cantas capturas rexistraron as trampas, especificadas por concellos e provincias?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 17:55
Nº Rexistro: 21125
Data envio: 04/12/2017 17:55:11.799

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/12/2017 17:54:15

José Antonio Quiroga Díaz na data 04/12/2017 17:54:24

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 09:30
Nº Rexistro: 21135
Data envio: 04/12/2017 19:38:33.293

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita,** relativa á resolución de axuda para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo e xabaril.

O 30 de novembro empezáronse a recibir as resolucións de axuda para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques de lobo e xabaril. Todas elas teñen un prazo de xustificación que remata o 11 de decembro.

A resolución deixa, no mellor dos casos, 10 días naturais para facer os trámites necesarios (sempre e cando se recibira a carta certificada onte e non o luns que ven).

Na práctica, con dous fins de semana e dous festivos nacionais polo medio, os gandeiros/as dispoñen de 6 días para poder mercar, pagar, identificar, certificar os investimentos e xustificar a axuda, como por exemplo, un cachorro de mastín.

A todo isto hai que engadir que este ano, por mor dos incendios forestais, moita fauna salvaxe está a cercar as explotacións ao faltarlle o alimento.

Esta situación non é unha novidade para a Xunta de Galicia, xa que o ano pasado aconteceu exactamente o mesmo. Distintos colectivos, asociacións gandeiras e sindicatos tiveron xuntanzas e presentaron propostas para mellorar a xestión das

axudas, tanto na forma (os tempos) como no fondo (investimentos e criterios de priorización). O resultado estamos a velo hoxe, ningún.

Por segundo ano consecutivo convocáronse as axudas e, igual que o ano pasado, volveron a publicarse no mes de agosto.

Como o ano pasado realizáronse máis de 1.200 solicitudes o que demostra a gran demanda de métodos de prevención do sector gandeiro.

A tramitación dos expedientes foi levada unicamente polos servizos centrais de Santiago (as delegacións territoriais non puideron tramitar os expedientes).

Como é lóxico entre comprobacións e requirimentos de documentación a resolución non se puido realizar ata os últimos días de novembro.

Noutros, por problemas na comprobación dos datos internos da administración, consideráronse explotacións de autoconsumo a ganderías con máis de 100 vacas. Todo isto era xa un síntoma claro da mala xestión destas axudas nas que, por fortuna, os funcionarios da consellería puxeron da súa parte e atenderon sempre todas as nosas consultas e facilitáronnos o traballo.

Esta mala planificación, así como no retraso no pago das indemnizacións por danos, está a causar unha gran desafección entre os/as gandeiros/as e cronifica un problema, o da convivencia coa fauna salvaxe, no que os primeiros damnificados son os habitantes do rural, así como a propia fauna.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia desta subvención que sacou para paliar os danos de ataques de lobo ou xabaril nas explotacións galegas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 09:30
Nº Rexistro: 21135
Data envio: 04/12/2017 19:38:33.293

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2. Por que non se aplicaron as propostas presentadas polos sectores implicados logo das diversas xuntanzas realizadas ao logo deste ano 2017?

3. Teñen algunha seguridade os/as gandeiros/as galegos/as de que esta liña de axudas se vai convocar o ano 2018 e que este mesmo feito non vai volver a ocorrer?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 04/12/2017 19:35:32

David Rodríguez Estévez na data 04/12/2017 19:35:37

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 11:36
Nº Rexistro: 21152
Data envio: 05/12/2017 11:36:48.704

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e **María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Nun dos últimos Consellos da Xunta a Consellería de Medio Ambiente emitía un informe sobre a situación actual da seca na nosa Comunidade Autónoma. Hoxe xa estamos en situación de alerta en toda Galicia.

Nun pobo de Marrocos, Sidi Bulaalam, non se fala de cambio climático nin do boicot de Donald Trump ao Acordo de París, só se fala de que lles falla algo tan indispensable como é a auga e de que morre xente como consecuencia. Mentres, en España e en Galicia todos os indicadores ambientais e climáticos sobrepasan xa os umbrais máis negativos. En tanto, a Conselleira de Medio Ambiente está instalada na súa inacción e agora todo son urxencias no rescate de instalacións e infraestruturas asfixiadas polo baleiro orzamentario e apelacións a un aforro e a unha eficiencia dificilmente apreciables nun Goberno que todo o fía á caída da chuvia mentres o nivel dos encoros cae semana tras semana.

O certo é que a nova realidade climática obriga a repensar dende a súa raíz a política da auga e quizais sexa o momento xa dunha lei de transición hidrolóxica. Necesitamos adaptalo todo, precisamos medidas de prevención, tales como as que potencien o aforro e eficiencia na distribución e uso de auga, as posibles obras que intercomuniquen as concas, a reutilización da auga para o agro, as axudas para dar auga ao gando, a facilitación da autoprodución de enerxías renovables para os regantes, a xeración de fontes alternativas, o mantemento dos ecosistemas fluviais e, por suposto, as campañas reiteradas de sensibilización e concienciación de todos os galegos e galegas, de todas as súas institucións e de todas as empresas sobre a necesidade de facer un uso responsable da auga. Porque o cambio climático crea un novo

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 11:36
Nº Rexistro: 21152
Data envio: 05/12/2017 11:36:48.704

escenario que fai necesario incentivar a xestión dende usos sustentables.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son as conclusións do informe da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sobre a situación actual da seca na nosa Comunidade Autónoma?
2. Comparte o Goberno galego que a seca se debe combater en época de chuvias?
3. Ten previsto o Goberno galego repensar dende a súa raíz a súa política da auga?
4. Ten previsto o Goberno galego unha nova Lei de transición hidrolóxica para Galicia?
5. Vai adoptar o Goberno galego medidas de prevención de maneira inmediata?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2017 11:26:21

José Antonio Quiroga Díaz na data 05/12/2017 11:26:27

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/12/2017 11:26:35

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 11:36
Nº Rexistro: 21152
Data envio: 05/12/2017 11:36:48.704

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Raúl Fernández Fernández na data 05/12/2017 11:26:41

María Luisa Pierres López na data 05/12/2017 11:26:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21171
Data envio: 05/12/2017 16:27:10.093

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito.**

Na finca de Lourizán (dun valor botánico incalculable), hai un espectacular edificio de aire romántico do século XIX. Construído polo arquitecto Genaro de la Fuente Domínguez e del destaca a súa fachada cunha grande escalinata de corte imperial con balaustrada e estatuas. Esta fermosísima construción (integrada no Patrimonio Cultural de Galicia) fora residencia de verán do entón Presidente do Goberno Eugenio Montero Ríos e nel firmáronse importantes decisións políticas para o país, pois o pazo era centro de reunión de políticos, xornalistas, intelectuais e artistas.

Ocorre que as obras de conservación da zona nobre do conxunto da finca de Lourizán corresponden á Xunta de Galicia, consonte o establecido na cláusula 3ª, apartado b), do Convenio entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería de Medio Ambiente sobre aproveitamento da finca de Lourizán, asinado o 21 de xaneiro de 2000, polo que se adaptou ás novas realidades orgánicas e funcionais da Xunta o anterior Convenio de cooperación entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Deputación Provincial de Pontevedra, subscrito o 22 de xaneiro de 1991, polo que a Deputación cedera por 30 anos á Xunta de Galicia o uso da finca e das edificacións.

Non obstante, só fai falla dar unha volta pola finca para darse de conta de que a Xunta de Galicia non ten desenvolvido nin unha soa obra, pois o estado de conservación do pazo é lamentable. E así consta na memoria técnica sobre as intervencións precisas para a súa conservación que foi elaborada polo Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra, que calcula un investimento de máis de 14 millóns de euros para a súa recuperación. Di o informe que a seguridade estrutural do edificio non está garantida en varias zonas,

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21171
Data envio: 05/12/2017 16:27:10.093

pois a galería está apuntalada, varios dinteis se atopan rotos e algunhas zonas teñen repisado en varias salas e corredores; que hai humidades, zonas invadidas pola vexetación e áreas colonizadas por algas, mofo e líquenes; que a parte da cuberta da cara sur do inmoble está comezando a se fundir con riscos para a seguridade eléctrica e con perigo de curtocircuítos; que as carpinterías interiores e exteriores están en moi mal estado e que non se dispón de ningunha vixilancia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que clase de actuacións desenvolve o Goberno galego respecto dos bens que pertencen ao Patrimonio Cultural de Galicia?
2. Ten coñecemento o Goberno galego do estado lamentable de conservación do Pazo de Lourizán, en Pontevedra?
3. Considera o Goberno galego que cumpre as obrigas ás que se comprometeu no convenio firmado coa Deputación de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 e logo ratificado no ano 2000?
4. Sabe o Goberno galego que obras precisa o Pazo de Lourizán para a súa conservación?
5. Fíxoas?
6. Vainas facer? Cando?
7. Sabe o Goberno galego a canto poden ascender estas obras?

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2017 12:13:46

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21171
Data envio: 05/12/2017 16:27:10.093

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/12/2017 12:13:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2017 12:13:57

Raúl Fernández Fernández na data 05/12/2017 12:14:03

María Luisa Pierres López na data 05/12/2017 12:14:07

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 17:18
Nº Rexistro: 21175
Data envio: 05/12/2017 17:18:37.413

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **escrita,** relativa á cesión gratuíta das instalacións, no actual edificio da Biblioteca Pública de Ourense na Rúa do Concello nº 11, ao Ateneo de Ourense, ao Cineclub Padre Feijóo e a diferentes asociacións e colectivos culturais da cidade, no momento no que a Biblioteca sexa trasladada ao Complexo Cultural de San Francisco.

Parece que finalmente o proxecto da Biblioteca Pública do Estado será unha realidade palpable e tanxible no vindeiro ano 2018, despois de 17 anos de espera. Lonxe fica xa a adxudicación inicial do proxecto no ano 2000, a subsanación de erros acometida no 2007, e os litixios xudiciais entre a anterior empresa adxudicataria e as administracións.

Este proxecto implica varios niveis administrativos: Ministerio de Cultura; Consellería e Concello de Ourense. Conta cunha superficie de máis de 12.000 metros cadrados, bañado pola luz natural, diáfano e ben diferente da biblioteca actual, no edificio da Rúa Concello.

Ubicada no Complexo Cultural de San Francisco, ao carón do claustro gótico (que constitúe unha das pezas máis relevantes do patrimonio histórico-cultural da cidade), compartirá espazo co futuro edificio do Arquivo Histórico Provincial e complementará aos xa existentes: Auditorio Municipal, Universidade Popular e Escolas Municipais de Teatro e Artes Escénicas.

Unha vez rematada a obra, procederase ao traslado da actual Biblioteca Pública situada na Rúa Concello nº 11 e ao baleirado do edificio de 5 plantas actualmente

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 17:18
Nº Rexistro: 21175
Data envio: 05/12/2017 17:18:37.413

ocupadas por unha sala infantil e xuvenil, biblioteca e salón de actos con 110 butacas, sala de lectura, sala de actividades e arquivos, ademais da actual sede da Delegación de Educación.

O espazo baleiro, unha vez que se trasladen os 200.000 volumes que alberga a Biblioteca, podería acoller ao Ateneo de Ourense e ao Cineclub Padre Feijóo, así como a diferentes asociacións e colectivos culturais da cidade carentes de espazo.

O Ateneo de Ourense está provisionalmente instalado nas dependencias do Centro Cultural Marcos Valcárcel xa que a Xunta afirmou que non dispuña de local ningún para ofrecelo como sede. Unha vez que se complete o traslado da Biblioteca Pública a San Francisco, segundo se comprometeu o Conselleiro Román Rodríguez, procederá a reordenar o edificio e estudar a cesión do espazo ao Ateneo.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Vai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ceder gratuitamente as instalacións, no actual edificio da Biblioteca Pública de Ourense na Rúa do Concello nº 11 ao Ateneo de Ourense, ao Cineclub Padre Feijóo e a diferentes asociación e colectivos culturais da cidade, no momento no que a Biblioteca sexa trasladada ao Complexo Cultural de San Francisco?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 17:18
Nº Rexistro: 21175
Data envio: 05/12/2017 17:18:37.413

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/12/2017 17:11:55

Luca Chao Pérez na data 05/12/2017 17:12:02

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 17:51
Nº Rexistro: 21186
Data envio: 05/12/2017 17:51:36.298

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Segundo o documento sobre conflito de intereses no ámbito da saúde, publicado pola Xunta de Galicia e aprobado polo Consello de Bioética de Galicia, denomínase conflito de intereses ao conxunto de circunstancias que orixina un risco de que o xuízo ou a actuación dun profesional respecto dun interese primario poida verse influído de forma indebida por un interese secundario.

Na mesma liña, a Lei 1/2016 de Transparencia e Bo Goberno, explica na súa exposición de motivos a necesidade de potenciar o control sobre os eventuais conflitos de intereses que poidan xurdir no exercicio do altos cargos, regulando ditos conflitos no artigo 43 da mesma norma.

Con todo, a práctica está moi lonxe da teoría e nestes últimos meses non paran de saír exemplos prácticos de portas xiratorias e desvíos de poder no eido da sanidade galega.

A última noticia a atopamos na designación da ex conselleira de Sanidade Rocio Mosquera para a dirección da empresa pública Galaria, encargada de xestionar a alta tecnoloxía da sanidade galega.

Neste sentido, é necesario cuestionar en primeiro lugar a propia existencia de Galaria (antigo MEDTEC) como empresa provedora de servizos de alta tecnoloxía, ao ser un foco de denuncia pública por opacidade, ademais de resultar incomprensible que sendo a innovación en tecnoloxía unha das motivacións da existencia da empresa, esta estea subcontratada polo SERGAS mediante unha

colaboración público-privada, un tipo de xestión ao que a Sra. Mosquera foi moi proclive na súa etapa na Consellería de Sanidade con fórmulas e modelos de xestión privada, especialmente agraviantes para a área sanitaria de Vigo, e con decisións mediatizadas por conflitos de interese e políticas privatizadoras.

A encomenda realizada para a xestión da Oficina Técnica do Novo Hospital de Vigo e a subcontratación coa empresa Efficiencia Clinical Management, non só constituíu unha porta xiratoria en sí mesma, si non que tivo uns pésimos resultados de xestión, chegando a ser substituída pola xestión pública. No referente ao Novo Hospital de Vigo, a ex conselleira puxo en marcha a privatización do mesmo mediante unha fórmula de concesión de obra pública a iniciativa de financiación privada, coñecida como PFI, pola que se privatizou a xestión no novo hospital e se reduciron de forma substancial as prestacións sanitarias do mesmo para favorecer os intereses económicos da empresa privada concesionaria, que a día de hoxe xa ten amortizado un terzo da débeda de construción, mentres que o Servizo Galego de Saúde deberá pagar un canon de 68 millóns a esta empresa durante a lo menos 20 anos, a maiores dos custos de outros servizos como a limpeza ou a lavandería.

Respecto ao conflito pola xestión privatizadora do Novo Hospital de Vigo, non debemos esquecer que este rematou co seu mandato cando foi cesada como Conselleira logo dunha masiva manifestación na que a cidadanía de Vigo rexeitou a súa política sanitaria.

Pero os tratos de favor da Sra. Mosquera, exemplificáronse tamén coa renovación do concerto co Hospital Povisa cun evidente conflito de intereses ao formar parte dos órganos directivos Do Hospital A nosa Señora da Esperanza, pertencente o grupo Povisa.

A elección deste persoa, constitúe unha falta de respecto a cidadanía e á propia lexislación en materia de incompatibilidades non so polo trato de favor ás

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 17:51
Nº Rexistro: 21186
Data envio: 05/12/2017 17:51:36.298

empresas privadas durante o seu mandato como conselleira se non porque durante a súa carreira profesional veu ocupando varios postos de relevancia na xestión de empresas e hospitais privados que facturan grandes cantidades ao Servizo Galego de Saúde.

Esta noticia, únese a xa publicada fai uns meses sobre a purga do Goberno de Feijóo aos xefes de servizo de varios hospitais que podían resultar incómodos para a execución das privatizacións levadas a cabo dende a súa chegada ao goberno, manifestando Xustiza, tanto en primeira instancia como no Tribunal de Xustiza de Galicia que eses ceses e as súas novas adxudicacións, estaban viciadas dun evidente desvío de poder, como foi o caso da praza que se entregou a Manuel Bustamante, marido da exconselleira de sanidade a Sra. Mosquera.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

- Considera o Goberno que as actuacións expostas son acordes coa Lei?
- Considera o Goberno que as actuacións expostas son éticas?
- Considera o Goberno que existen conflitos de interese nas mencionadas actuacións?
- Considera o Goberno que existe conflito de interese na designación da Sra. Mosquera?
- Cales son os motivos do Goberno para premiar deste xeito a unha persoa que foi cesada das súas funcións?
- Que opinión lle merece ao Goberno os pronunciamentos da Xustiza en relación ao cese dos xefes de servizo?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 17:51
Nº Rexistro: 21186
Data envio: 05/12/2017 17:51:36.298

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/12/2017 17:47:40

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 18:29
Nº Rexistro: 21195
Data envio: 05/12/2017 18:29:30.378

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado 11 de xullo de 2017 no Pleno do Parlamento a conselleira do Mar respondía a unha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista sobre as accións que o Goberno da Xunta de Galicia podería desenvolver para aspirar a albergar en Galicia o laboratorio europeo de control bacteriolóxico de bivalvos, que se atopaba na cidade de Weymouth (Gran Bretaña) e que, por mor do Brexit, apuntaba que debería buscar nova siutación. A conselleira do Mar respondía, naquela pregunta en Pleno, que a aposta do Goberno da Xunta de Galicia era "*firme e decidida*", e engadía como dato que existía contacto permanente co Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e con Ministerio de Sanidade, por ter ambos competencias administrativas nos procesos de presentación de candidatura e de avaliación destas. De maneira concreta, a propia conselleira manifestaba naquel momento que "*a semana pasada volvín a remitir documentación ao Ministerio de Sanidade...*".

No 10 de outubro, o Grupo Socialista volvía a formular o debate sobre esta cuestión no Parlamento de Galicia, esta vez cunha proposición non de lei na comisión 8ª do Parlamento de Galicia. Aprobouse, por unanimidade, unha resolución que indicaba, literalmente, que

> *O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar todas as accións necesarias para constituír a mellor candidatura formal do Estado para que Galicia acolla o Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, definir a proposta concreta do concello candidato e constituír un grupo de traballo conxunto de todas as administracións implicadas (Estado, Comunidade Autónoma, Deputación Provincial e Concello) para traballar de maneira colaborativa en conseguir a chegada do dito laboratorio.*

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 18:29
Nº Rexistro: 21195
Data envio: 05/12/2017 18:29:30.378

(Comisión 8ª do Parlamento de Galicia. 10 de outubro de 2017).

De forma paralela, os/as representantes do Partido Socialista trasladaron as preguntas ao Congreso dos Deputados, nas que preguntaron ao Goberno de España, que tras afirmar ata dúas veces que Galicia sería unha "perfecta candidata" (*Respostas do goberno 41609 e 49428*).

Para evidenciar o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia coa candidatura de Galicia, o pasado 24 de novembro Núñez Feijoo lanzaba a candidatura do Intecmar ao laboratorio europeo nun acto para conmemorar o 25 aniversario do propio centro, indicando que existía a posibilidade de "conseguir oficializar a candidatura", como se pode comprobar en todas as publicacións de medios de comunicación galegos do día 25.

A pesares de todo o anterior, foi coñecido, agora, que o 17 de maio do 2017 a Comisión Europea manifestaba a resolución de suprimir o laboratorio europeo na reunión do Comité Permanente de Plantas, Animales, Alimentos y Piensos. Antes de todas as declaracións e supostas accións do goberno de Galicia xa eran coñecedores da imposibilidade de aspirar a esta candidatura.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que o Goberno galego continuou anunciando unha candidatura imposible cando xa coñecía da decisión da Comisión Europea?

2. Quen considera o Goberno galego que son as persoas responsables de pretender difundir unha información falaz sobre o laboratorio europeo de control bacteriolóxico de bivalvos?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 18:29
Nº Rexistro: 21195
Data envio: 05/12/2017 18:29:30.378

3. Que medidas vai tomar o Goberno galego cos e coas responsables de difundir e promover a falacia da candidatura galega ao laboratorio europeo cando xa eran sabedores da imposibilidade de facelo?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 05/12/2017 18:27:10

María Dolores Toja Suárez na data 05/12/2017 18:27:16

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 11:17
Nº Rexistro: 21228
Data envio: 07/12/2017 11:17:11.036

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita,** relativa á nova reforma da PAC que prepara a CEE.

A reforma da PAC vén de mudar dunha forma notable coa comunicación que fixo no mes de novembro a Comisión Europa ao respecto. No documento presentado adianta as liñas xerais do que deberá ser a PAC máis alá de 2020 e a Comisión fai referencia a unha serie de dificultades e cuestións ás que se enfronta o medio rural.

Non obstante, a pesar de que parece que ese documento sae da análise que se conclúe despois de falar con labregas e labregos, as solucións propostas continúan dirixíndose a tratar os síntomas da enfermidade, e non a realizar os cambios estruturais que precisa unha Europa labrega e sostible.

Por desgraza, máis do mesmo, tal e como denuncia a Coordinadora Europea da Vía Campesina.

A Política Agraria Común custaralle aos europeos e europeas, entre 2014 e 2020, máis de 408.000 millóns de euros.

O medio rural e a agricultura comunitaria, ao igual que a galega, viven en crise mentres as industrias e distribuidoras do sector seguen a enriquecerse.

Dende distintas asociacións sindicais e agrarias salientan varios puntos deste documento que merecen especial atención polo impacto que teñen sobre a agricultura labrega, a calidade de vida no medio rural e o sistema alimentario da cidadanía europea:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 11:17
Nº Rexistro: 21228
Data envio: 07/12/2017 11:17:11.036

Xestión de riscos derivados do mercado e volatilidade de prezos: A Comisión continúa promovendo os seguros como remedio á crise de ingresos sufrida polos labregos e as labregas.

Axudas directas da PAC e a súa distribución: A Comisión insiste na distribución de axudas de acordo ás hectáreas. Os novos métodos para contabilizar as hc, débense equiparara aos métodos que teñen noutras comunidades como Asturias ou Cataluña, onde recoñecen que debaixo dunha árbore, o gando tamén pace.

Plans estratéxicos: O documento propón un sistema novo con respecto á aplicación das axudas da PAC, baseado no cumprimento duns obxectivos xerais.

Promover a prosperidade rural: A Comisión Europea presenta a bioeconomía como un compoñente esencial para dinamizar o desenvolvemento rural. Mais, non é a bioeconomía a que vai dinamizar as zonas rurais de Galiza, senón a promoción dun sistema agrícola que conta con numerosas e diversificadas fincas e granxas no territorio.

Atracción da mocidade labrega: A xente moza galega non vai apostar pola profesión agraria cando o futuro das súas comarcas está abocada ao fracaso por mor da desmantelamento dos servizos públicos.

Saúde, nutrición e sostenibilidade: No documento da Comisión Europea fálase disto pero seguen sen definir os modelos agrarios, alimentarios e comerciais quen de garantir unha produción de alimentos sans e nutritivos.

Por todo o exposto anteriormente o grupo parlamentar de En marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que opinión ten a Consellería de Medio Rural sobre o documento presentado que fala sobre o que deberá ser a PAC máis alá de 2020?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 11:17
Nº Rexistro: 21228
Data envio: 07/12/2017 11:17:11.036

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2. Que medidas ten pensado acometer a Xunta de Galicia para modificar distintas liñas dese documento?

3. Que liñas estratéxicas dese documento pensa mudar?

4. En que termos?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 07/12/2017 11:02:36

Paula Quinteiro Araújo na data 07/12/2017 11:02:45

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 11:46
Nº Rexistro: 21235
Data envio: 07/12/2017 11:46:03.225

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A mala xestión dos purín nas granxas está a suscitar unha serie de problemas medioambientais, o que se traduce en queixas por parte de veciños/as que non se dedican á gandería, e viven preto das fincas nas que se verten purín sen un plan de xestión correcto, amais doutros problemas como o seu impacto nos recursos hídricos da zona, xa que nalgúns casos pode contaminar mananciais, acuíferos, regatos e ríos. Algo que prexudica a unha parte importante da poboación nas zonas rurais.

Un dos cambios acordados para a PAC no 2018 é a obriga de que as granxas apliquen o purín a través dunha inxección no solo. Nas medidas de condicionalidade da PAC, prohíbese o esparexido dos xurros por bandexa ou canón, esixindo a súa inxección no chan, salvo determinadas excepcións xustificadas que se poidan decidir a nivel autonómico.

A inxección no solo implicaría tal aumento de custos que a fan "imposible de levar á práctica", pois aumentaría sensiblemente o tempo de aplicación.

De non existir unha modulación da normativa en Galicia, o sector podería verse abocado a un grave problema para xestionar os 15 millóns de metros cúbicos de purín que se producen cada ano.

Polo tanto, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é a posición do Goberno galego respecto desta nova esixencia da PAC, en relación coa xestión dos purín?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 11:46
Nº Rexistro: 21235
Data envio: 07/12/2017 11:46:03.225

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

2ª) Dadas as características do noso agro, realizou o Goberno galego algún informe sobre a aplicación dos purín s en Galicia en relación coa modificación da normativa reguladora da condicionalidade da PAC, se for o caso, cales foron os resultados?

3ª) Considera o Goberno galego viable para Galicia o sistema de inxección de purín s no solo?

4ª) Avaliou o Goberno galego os custos que supón para o sector gandeiro?

5ª) No caso de que se implante esta medida, como se desenvolvería o proceso para o sector gandeiro?

6ª) Que medidas vai establecer o Goberno galego para unha mellor xestión integral do purín, non só no método de administración e xestión?

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/12/2017 11:42:33

José Antonio Quiroga Díaz na data 07/12/2017 11:42:50

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/12/2017 11:43:07

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 12:01
Nº Rexistro: 21239
Data envio: 07/12/2017 12:01:00.605

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A ría do Barqueiro precisa dunha dragaxe urxente, a cal está pendente por parte da Xunta de Galicia dende 2013. Unha dragaxe da ría ao completo garantirá o futuro do sector marisqueiro da zona o que, se ve afectado negativamente debido a que a area está a tapar os bancos de marisqueo, complicando, no mellor dos casos, a actividade dos profesionais.

A dársena do porto actualmente está dragada, pero a area acumúlase na ría ano tras ano sen que a promesa do Partido Popular e de Portos de Galicia de dragala se chegue a materializar. Actualmente, segundo avisan dende a confraría de pescadores de Mugardos, o calado é tan pequeno que na baixamar as embarcacións case non poden entrar en porto.

O número de postos de traballo da ría do Barqueiro está nunha situación límite, xa que na actualidade so quedan 15 persoas (13 mulleres e 2 homes) e na que chegaron a ser aproximadamente 200 mariscadoras e mariscadores.

Por outra banda, en canto o produto, esta ría contiña unha gran cantidade de especies de moluscos, que se extraían de forma tradicional, como a coquina (desaparecida actualmente), a ameixa, o berberecho, a ostra e a navalla das que na actualidade case non hai capturas.

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Está prevista por parte do Goberno galego, algunha actuación de estudo ou rexeneración para a ría do Barqueiro no termo municipal de Mañón, se for o caso, en que prazo?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 12:01
Nº Rexistro: 21239
Data envio: 07/12/2017 12:01:00.605

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

2ª) Ten previsto o Goberno galego realizar algún estudo ou actuación das regresións dos areais e correntes na zona, que están a provocar unha importante perda biolóxica entre as especies de moluscos nas zonas de extracción tradicionais, e á súa vez importantes perdas económicas nunha zona de gran interese ambiental, en caso afirmativo, cal e o prazo?

Pazo do Parlamento, 7 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/12/2017 11:56:30

María Dolores Toja Suárez na data 07/12/2017 11:56:48

Julio Torrado Quintela na data 07/12/2017 11:57:03

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21259
Data envio: 07/12/2017 16:21:31.679

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O 17 de xullo de 2017 o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou de novo unha serie de iniciativas denunciando os sucesivos retrasos na definición e posta en marcha de todas actuacións comprendidas no proxecto de dragado ambiental da Ría do Burgo.

Tras o informe aprobado o 16 de decembro de 2013 pola Comisión de Peticións do Parlamento Europeo sobre o estado das rías galegas e a visita realizada por unha delegación de eurodeputados, o proxecto de dragado iniciado polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente tiña que estar rematado de forma definitiva en xullo de 2016. Lembremos que o documento de inicio do proxecto por parte da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural iniciárase oficialmente en outubro de 2013, hai xa catro anos, pero ata o 29 de xuño de 2016 non tivo entrada no órgano ambiental o expediente de información pública, o proxecto e o estudio de impacto ambiental.

No BOE do 27 de setembro deste ano publicouse finalmente a resolución da Secretaría de Estado de Medio Ambiente pola que se formula a declaración de impacto ambiental deste proxecto clave para a rexeneración ambiental e socioeconómica da Ría do Burgo. No EsIA seleccionase a alternativa 2 por presentar, segundo a avaliación realizada, impactos non significativos ou impactos compatibles e en varios casos o impacto de carácter positivo. Dentro das consultas realizadas polo órgano ambiental, Augas de Galicia emitiu os seus correspondentes informes.

Nos impactos significativos da alternativa elixida, recóllense os bancos marisqueiros afectados polo proxecto e as previsións da duración total do cese de actividade durante a súa execución, que se estima en 23 meses.

Téndose aínda que integrar a declaración de impacto ambiental no proxecto por parte do Ministerio, cómpre axilizar ao máximo o remate do proxecto, a súa licitación, a consignación nos orzamentos dos créditos necesarios para a súa completa execución e a programación das necesarias medidas técnicas e económicas que palíen a afección sobre os bancos marisqueiros e sobre a actividade dos mariscadores da ría do Burgo.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21259
Data envio: 07/12/2017 16:21:31.679

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita as seguintes preguntas:

1ª) Que coñecemento ten o Goberno galego sobre os prazos de licitación e execución do proxecto de dragado ambiental da ría do Burgo?

2ª) Ten algunha previsión orzamentaria o Goberno galego para participar no cofinanciamento deste proxecto?

3ª) Cales son as medidas previstas pola Xunta de Galicia para paliar as afeccións das obras de saneamento sobre a actividade marisqueira da ría do Burgo?

Pazo do Parlamento, 7 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/12/2017 16:20:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/12/2017 16:20:21

María Luisa Pierres López na data 07/12/2017 16:20:28

María Dolores Toja Suárez na data 07/12/2017 16:20:36

Julio Torrado Quintela na data 07/12/2017 16:20:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 16:49
Nº Rexistro: 21267
Data envio: 07/12/2017 16:49:31.974

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

Tanto o mastín como outras razas de can pastor –moi frecuentes nas zonas rurais para protexer a gandería dos posibles depredadores como o lobo– son cans moi utilizados e estendidos por toda Galicia.

Non obstante, a pesares de que estes cans se atopan por todo o territorio, conseguir un exemplar de menos de 4 meses e con todos os certificados en orde en 6 días, como pretendía a resolución de axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo, convértese nunha misión máis que complicada nalgúns dos casos.

O prazo outorgado para xustificar as axudas (10 días naturais) remata o 11 de decembro de 2017 e, non foi ata o 30 de novembro do mesmo ano, que os/as gandeiros/as comezaron a recibir as primeiras resolucións de axuda para implantar estas medidas preventivas. Isto tradúcese en que simplemente teñen menos dunha semana (contando con dous festivos e dúas fins de semana polo medio) para realizar todos os trámites para conseguir e xustificar todo –achegando a documentación relativa aos controis sanitarios, a documentación acreditativa da identificación do animal e a súa inscrición no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e de Animais Potencialmente Perigosos– tendo que atopar, mercar, pagar, identificar e certificar o gasto subvencionado. Polo que o tempo é un factor máis que determinante á hora de realizar estas xestións.

Todo isto sumado ao atraso no pago das indemnizacións por danos, está a causar unha gran desafección entre os/as gandeiros/as e cronifica o problema da convivencia coa fauna salvaxe, sendo os primeiros damnificados os habitantes do rural e a propia fauna. Cabe mencionar aquí, tamén, que como tantas veces se nos dixo, estamos na lexislatura do rural. Non obstante, esta segue a ser cada vez menos rural e máis de abandono deste.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 16:49
Nº Rexistro: 21267
Data envio: 07/12/2017 16:49:31.974

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia abrir un prazo extraordinario para poder xustificar a adquisición dun dos cans especificados na convocatoria e darlles así unha marxe de acción aos gandeiros/as?

2ª) Vai a Xunta de Galicia establecer un prazo suficiente para a xustificación das axudas nas posteriores convocatorias?

Pazo do Parlamento, 7 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/12/2017 16:48:08

José Antonio Quiroga Díaz na data 07/12/2017 16:48:19

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727